

ORDENANZA FISCAL NÚM. 8

**REGULADORA DA TAXA POR AUTORIZACIÓNS DE UTILIZACIÓNS
PRIVATIVAS E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS EN VIAS PROVINCIAIS**

**(BOP número 296, do 28 de decembro de 1998)
(BOP número 285, do 14 de decembro de 2000)
(BOP número 283, do 12 de decembro de 2001)
(BOP número 290, do 20 de decembro de 2001)
(BOP número 284, do 12 de decembro de 2002)
(BOP número 288, do 16 de decembro de 2004)
(BOP número 237, do 13 de decembro de 2012)**

Artigo 1.- Fundamento legal.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto no art. 132 en relación co artigo 20 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo, a Deputación Provincial da Coruña establece a taxa por autorizacións para realizar utilizacións privativas e aproveitamentos especiais en vías provinciais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.- Vías provinciais e as súas zonas.

1.- Entenderase por vía provincial toda estrada ou camiño que apareza recollida no inventario da deputación, en canto a súa construción ou conservación. Nos casos de construción pola deputación, desde o inicio das obras. No caso de conservación, desde que a deputación se fixese cargo dela, por cesión do organismo ou persoa que a constrúise.

2.- A definición e delimitación que se fai nos números seguintes, efectúase en base ó disposto pola Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia. Se a dita normativa fose modificada pola Xunta de Galicia, esta entenderase de inmediata aplicación a esta ordenanza.

3.- Integran a zona de dominio público os terreos adquiridos de título lexítimo pola administración titular da estrada para a construción desta e dos seus elementos funcionais.

O límite exterior de zona de dominio público non poderá exceder os 15 metros de ancho a cada lado da explanación en autoestradas, autovías, e vías rápidas, e os 10 metros de ancho no resto das estradas, medidos en horizontal e

ORDENANZA FISCAL N.º 8

perpendicularmente ó eixe da calzada máis aproximada, desde a aresta exterior da explanación correspondente ás calzadas previstas e ós seus elementos funcionais.

A aresta exterior da explanación é a intersección do noiro do desmonte, do terraplén ou, no seu caso, dos muros de sustentación que a delimitan co terreo natural.

Nos casos especiais de pontes, viaductos, túneles, estruturas ou obras similares, poderá fixarse como aresta exterior da explanación a liña de proxección vertical do bordo das obras sobre o terreo. Será, en todo caso, de dominio público, como mínimo, o terreo ocupado polos soportes da estrutura.

Só poderán realizarse obras, actuacións ou instalacións na zona de dominio público da estrada cando a prestación dun servizo público de interese xeral así o esixa, trátase de conexión con ese servizo, de obras imprescindibles para acceder á estrada ou de instalacións provisionais por prazo fixado, trala autorización previa do órgano competente da administración titular da estrada. Todo isto sen prexuízo doutras competencias concorrentes e do establecido no artigo 1 da Lei antes citada.

4.- A zona de circulación da estrada é a parte da zona de dominio público constituída pola calzada e as súas beiravías.

En ningún caso se poderán executar obras, actuacións ou instalacións que afecten á zona de circulación da estrada sen autorización do órgano competente da administración titular desta.

5.- A zona de servidume das estradas consistirá en dúas franxas de terreo a ambos lados destas, delimitadas interiormente pola zona de dominio público definida no artigo 30 e exteriormente por dúas liñas paralelas a dito límite a unha distancia de 17 metros en autoestradas, autovías, e vías rápidas, e de dous metros no resto das estradas, medidas desde o límite exterior da zona de dominio público.

Na zona de servidume non poderán realizarse obras nin se permitirán máis usos que aqueles que sexan compatibles coa seguridade vial, trala autorización previa, en calquera caso, do órgano competente da administración titular da estrada, sen prexuízo doutras competencias concorrentes e do establecido no artigo 53 da Lei 4/1994.

En todo caso, o organismo competente da administración titular da estrada poderá utilizar ou autorizar a utilización da zona de servidume por razóns de interese xeral ou cando o requira o mellor servizo da estrada. Serán indemnizables a ocupación da zona de servidume e os danos e prexuízos que se causen pola súa utilización.

6.- A zona de afección das estradas consistirá en dúas franxas de terreo a ambos lados destas, delimitadas interiormente pola zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas da explanación, a unha distancia de 100 metros no caso das autoestradas, autovías, e vías rápidas, e de 30 metros no resto das estradas, medidas desde as citadas arestas.

Para executar na zona de afección calquera tipo de obras ou instalacións fixas ou provisionais, cambiar o uso ou destino destas e plantar ou cortar árbores, requerirase a autorización previa do órgano competente da administración titular da estrada, sen prexuízo doutras competencias concorrentes e do establecido no artigo 53.

Artigo 3.- Feito imponible e devengo.

1.- Constitúe o feito imponible a actividade administrativa desenvolvida motivo do exame das solicitudes das autorizacións de utilizacións privativas e aproveitamentos especiais en vías provinciais, nalgunha das zonas sinaladas anteriormente, que se relacionan de seguido:

- a) Plantacións de arboredo.
- b) Talas de arboredo.
- c) Tendidos aéreos.
- d) Conduccións subterráneas.
- e) Obras subterráneas.
- f) Cruzamentos subterráneos.
- g) Cerramentos.
- h) Construcción, reparación e conservación de edificios.
- i) Construcción de ramplas.
- j) Instalacións lindeiras coa estrada (illote, aparcamentos, zonas axardinadas, etc.).
- k) Instalacións industriais, agrícolas e gandeiras.
- l) Movemento de terras e explanacións.
- m) Estación de carburantes.
- n) Calquera outra utilizacións privativas e aproveitamentos especiais de natureza análoga.

2.- O devengo prodúcese e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude das obras.

Así mesmo, xurdirá a obriga de contribuír, no momento de iniciarse na zona de afección das vías provinciais calquera tipo de obras ou instalacións fixas ou

provisionais, cambiar o seu uso ou o seu destino e plantar ou talar árbores, aínda que non se formulase a correspondente solicitude de licenza.

Artigo 4.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria que resulten autorizadas para realizar as utilizacións privativas ou os aproveitamentos especiais, e as que resulten beneficiadas por ditos aproveitamentos mesmo cando non obtivesen autorización previa.

Artigo 5.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, así como os copartícipes ou cotitulares das entidades recollidas no artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias da entidade.

2.- Serán responsábeis subsidiarios as persoas ou entidades sinaladas no artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 6.- Normas de xestión.

1.- As autorizacións para utilizacións privativas ou os aproveitamentos especiais delimitados nesta ordenanza fiscal, serán outorgadas polo Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial de acordo co art. 34 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, por instancia da parte interesada, dos seus apoderados ou os seus representantes legais, que terán que presentalas por escrito na Deputación provincial.

Os solicitantes deberán presentar o exemplar de Solicitude-Autoliquidación nos impresos habilitados para o efecto segundo o modelo que aprobe o Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial, e acompañar o orzamento da obra, actividade ou instalación que dea lugar á autorización correspondente, no que se definan e valoren adecuadamente os elementos do custo.

O dito orzamento deberá ser informado expresamente polos Servicios Técnicos Provinciais sobre a súa adecuación á realidade descrita.

Cando se trate de obras, actividades ou instalacións do que o custo aproximado non supere previsiblemente 6.010,12 euros o orzamento citado nos apartados anteriores será elaborado polos Servicios Técnicos Provinciais, sen prexuízo da obriga do suxeito pasivo de efectuar a declaración-liquidación da taxa pola tarifa sinalada no apartado 1 do artigo 7.

2.- Será preceptivo o informe técnico da Sección de Vías e Obras Provinciais, no que se fixarán as condicións da autorización, na súa determinación terase en conta unicamente as necesidades xerais que ten que cumprir a vía de que se trate e as disposicións legais que poidan ser de aplicación á concesión solicitada.

Tramitado o correspondente expediente, a oportuna resolución será notificada ó solicitante.

3.- Trasladarase á Sección de Recursos Propios copia da Resolución, xunto co preceptivo informe técnico do Servicio de Vías e Obras co fin de que practique a correspondente liquidación definitiva, procedendo á devolución, no seu caso, do importe indebidamente ingresado, se o houber, ou ó requirimento para o ingreso complementario correspondente.

Artigo 7.- Bases de imposición e tipos de gravame.

O orzamento das obras, instalacións ou actividades das que se solicite autorización, constituirá a base de imposición da presente taxa á que se aplicará a seguinte TARIFA:

1.- Orzamento igual ou inferior a 9.000,00 €, 1 por 100 (1%). En todo caso aplicarase unha TAXA MÍNIMA de 24,00 €.

2.- Orzamento comprendido entre 9.000,01 € e 30.000,00 €, 0,9 por 100 (0,9%). Neste caso, a TAXA MÍNIMA será de 90,00 €.

3.- Orzamentos comprendidos entre 30.000,01 € e 90.000,00 €, 0,8 por 100 (0,8%). Para este suposto a TAXA MÍNIMA será de 270,00 €.

4.- Orzamentos comprendidos entre 90.000,01 € e 120.000,00 €, 0,7 por 100 (0,7%). A TAXA MÍNIMA será de 720,00 €.

5.- Orzamentos comprendidos entre 120.000,01 € e 150.000,00 €, 0,6 por 100 (0,6%). A TAXA MÍNIMA será de 840,00 €.

6.- Orzamentos comprendidos entre 150.000,01 € e 210.000,00 €, 0,5 por 100 (0,5%). A TAXA MÍNIMA será de 900,00 €.

7.- Orzamentos superiores a 210.000,00 €, 0,40 por 100 (0,40%), cun mínimo aplicable en calquera caso de 1.050,00 €.

8.- Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.

Artigo 8.- Gastos de reconstrucción e indemnizacións.

ORDENANZA FISCAL N.º 8

1.- Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial, que se concedeu, leva aparellada a destrucción ou estrago do dominio público local, o suxeito pasivo, sen prexuízo do pagamento da taxa que tivese lugar, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e tralo depósito previo do seu importe.

2.- Se os danos fosen irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruídos ou o importe do estrago dos danos.

3.- A Excma. Deputación provincial non poderá condonar, total nin parcialmente, as indemnizacións e reintegros a que se refire o presente artigo.

Artigo 9.- Remisión á ordenanza fiscal xeral.

En todo o non especialmente establecido nesta ordenanza fiscal estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral.

Disposición final.- A presente ordenanza fiscal derroga a aprobada polo Pleno con data do 29 de outubro de 1993, así como a modificación aprobada mediante acordo plenario con data do 30 de setembro de 1994. Entrará en vigor o 1 de xaneiro de 1999, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Dilixencia.- A precedente ordenanza fiscal aprobouse no Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña o día 10 de outubro de 1995, e modificouse no Pleno con data 23 de febreiro de 1996, polo Pleno con data do 28 de novembro de 1997 e polo Pleno con data do 23 de decembro de 1998.

-
- Por acordo plenario celebrado o día 27 de outubro de 2000 (BOP núm. 285 con data do 14 de decembro de 2000) modificáronse os art. 6.1 e art. 7. Estas modificacións entran en vigor o 1 de xaneiro de 2001.
 - Por acordo plenario celebrado o día 26 de outubro de 2001 (BOP núm. 283 con data do 12 de decembro de 2001 e BOP núm. 290 do 20 de decembro de 2001) modificáronse os art. 3, art. 6.1 (último parágrafo) e art. 7. Estas modificacións entran en vigor o 1 de xaneiro de 2002.
 - Por acordo plenario celebrado o día 25 de outubro de 2002 (BOP núm. 284 con data do 12 de decembro de 2002) foi modificado o art. 6.1. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2003.
 - Por acordo plenario celebrado o día 28 de outubro de 2004 (BOP núm. 288 con data do 16 de decembro de 2004) foron modificados os artigos 1, 4 e 5. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2005.
 - Por acordo plenario celebrado o día 26 de outubro de 2012 (BOP núm. 237 con data do 13 de decembro de 2012) foi modificado o art. 3.2. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2013.